



ILMO. CONCELLO
DE CAMBADOS

Expte. Contratación: 4625/2019

MEMORIA DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN MOTIVANDO A NECESIDADE DO CONTRATO



D. Fátima Abal Roma, Alcaldesa do Ilmo. Concello de Cambados, en uso das súas atribucións legalmente conferidas, actuando como órgano de contratación, en relación co seguinte expediente:

Tipo de contrato: SUBMINISTRO	
Obxecto do contrato: EQUIPAMENTO/MOBILIARIO PARA A PISCINA MUNICIPAL	
Procedemento de contratación: Aberto simplificado sumario.	
Tramitación: ordinaria	
Código CPV: 37400000-2 Artigos e material deportivo	
Prezo estimado: 39.908,06 €	IVE: 8.380,69 €
Orzamento base de licitación: 48.288,75 €	
Duración: 1 MES	

INFORMO:

PRIMEIRO.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE. A vista do establecido nos artigos 28.1 e 116.4 da LCSP, a necesidade da realización do presente contrato xustifícase:

De conformidade co establecido no artigo 25.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, o Concello ten a competencia sobre as materias seguintes: “... **I) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre...**”

Tal e como se comunicou pola empresa “Aquafit Gestión, S.L.” a esta Alcaldía, con motivo da próxima reapertura da Piscina Climatizada e dos novos Vestiarios anexos, resulta necesario dotala do equipamento (adquisición e substitución) do que carecen ámbalas instalacións e que se describirá no apartado segundo.

SEGUNDO.- OBXECTO DO CONTRATO. O obxecto do contrato, en cumprimento do disposto polos artigos 99 e 231 da LCSP, atópase definido na Memoria-valorada do “**SUBMINISTRO DE MOBILIARIO/EQUIPAMENTO DEPORTIVO PARA A PISCINA MUNICIPAL**”, redactada polo arquitecto técnico municipal, D. Pelayo Eyo Valladares.

Tal e como se desprende da Memoria-valorada, os subministros a realizar serán os seguintes:

Taquilla 4 módulos dos portas, cierre de candado, con candado incluído.
Taquilla 3 módulos dos portas, cierre de candado, con candado incluído.
Taquilla 2 módulos dos portas, cierre de candado, con candado incluído.
Costado decorativo
Zócalo inferior
Numeración de taquillas con el logo correspondiente.
Banco dobre 4 funcións (asiento, zapatero, respaldo y perchero) de 2,00 m.
Banco simple 2 funcións de 2,00 m.
Banco fenólico simple 2 funcións, de 1,00 m.
Perchero anclado a pared 2,00 m.
Perchero anclado en pared 1,00 m.
Banco PVC de 2,00 metros, para recinto piscina
Colgador a pared duchas, zona de piscina y spa.
Secador de manos acero inox.
Cambiador bebés horizontal





ILMO. CONCELLO
DE CAMBADOS

MEMORIA DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN MOTIVANDO A NECESIDADE DO CONTRATO



Expte. Contratación: 4625/2019

Mano de obra en instalación fenólico y accesorios.
Espejo en zona secadores del pelo de 1,50 x 0,80 m.
Colocación de 8 enchufes, en zona de secadores de pelo, Instalación eléctrica para circuito RZ 1K 3G 2,5 mm ² ., bajo tubo en horizontales y tubo rígido en verticales. Incluso Base de enchufe doble Simón 44 o similar y protecciones eléctricas en cuadro general totalmente instalado.
Corchero Moscú o similar, con cable y mosquetón.
Salvavidas plástico
Tensor latón cromado
Soporte salvavidas en acero inoxidable.

TERCEIRO.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO. O valor estimado deste contrato, de conformidade co disposto no artigo 101 LCSP, é o seguinte:

Valor estimado	39.908,06
----------------	-----------

CUARTO.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN. O orzamento de execución por contrata que servirá de base de licitación ascende a un total importe de **48.288,75 €** (IVE engadido).

Prezo estimado do contrato	39.908,06
21 % IVE	8.380,69
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	48.288,75

QUINTO.- FINANCIAMENTO.- Tal e como se desprende do Informe da Intervención, de data 16/09/2019, existe crédito dispoñible, adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria **2019.3420.63302**, para a contratación do subministro

INVESTIMENTO	Nº EXPTE.	FONDOS MUNICIPAIS
SUBMINISTRO DE MOBILIARIO PARA A PISCINA MUNICIPAL	4625/2019	48.288,75

SEXTO.- XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES.- Á vista do informado polo Técnico Municipal en data 27/09/2019 xustificase polo seguinte: “... *Que a división en lotes dificultaría a correcta execución do contrato, xa que o mobiliario debe gardar un criterio estético común. A división en lotes non garantiría esta consonancia.= Por outra banda a organización do subministro para dispor dunha correcta apertura, polos distintos prazos nos que tiveran que servir o material as distintas empresas faría máis complexa a optimización da posta en funcionamento da instalación.= Por todo o exposto e aos efectos de homoxeneizar, tanto as características estéticas e formais do material a subministrar, así como os distintos prazos de posta en obra deses materiais, fan xustificable máis que sobradamente o informe a favor da non división en lotes dos subministros de referencia...*”

SÉTIMO.- FORMA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO. Atendendo á contía o procedemento elixido é o establecido no artigo 159 da LCSP, *procedemento aberto simplificado*, dado que o valor estimado do presente contrato de subministro (39.908,06 €) é inferior a 100.000,00 € establecido no mencionado artigo.

En Cambados. Asinado electronicamente.

